CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
IES XESÚS TABOADA CHIVITE
Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

# CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MOBILIDADE DO PERSOAL DOCENTE
# PROGRAMA ERASMUS+ KA101 CURSOS 2020-2022

## 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Convócanse 11 mobilidades para os cursos 2020-2022 en dúas modalidades:

a) cursos estruturados
b) estadías en institucións para a observación de contextos docentes e profesionais

## 2. Países, distribución e duración das axudas

Estadías de observación

| **PAÍS** | **DURACIÓN EN DÍAS** |
|---|---|
| Irlanda | 5 |
| G3 | 5 |
| Italia | 5 |
| Dinamarca | 5 |
| Finlandia | 5 |
| Francia | 5 |

Cursos estruturados

| PAÍS | DURACIÓN EN DIAS |
|---|---|
| Irlanda | 10 |
| Grecia | 5 |
| Grecia | 5 |
| Irlanda | 5 |
| Italia | 5 |

## 3. Requisitos dos candidatos

3.1 O profesorado interesado en participar nesta convocatoria deberá cumprir os seguintes requisitos de **carácter xeral**:

1. Estar en servizo activo no IES *Xesús Taboada Chivite* durante o curso 2020-22.

2. Ter un dominio de inglés ou da lingua ou linguas oficiais do lugar de destino equivalente ao B2 do MCERL. Non é necesario ter coñecemento da lingua ou linguas oficiais do país no que se vaia desenvolver a

mobilidade.

3. Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.2 Criterios específicos e baremo

| **Experiencia en programas Europeos. Máximo 4 puntos** | |
|---|---|
| 3.2 a. Participación previa en programas Europeos (Comenius, Erasmus+, Portfolio Europeo das Linguas, Seccións bilingües, intercambios internacionais, programas de inmersión lingüística) | 0.5 puntos por programa e ano. **Máximo 2 puntos** |
| 3.2.b Participación na elaboración de programas europeos do centro | 0. 5 puntos por programa. **Máximo 2 puntos** |
| **Plurilingüismo. Máximo 5 puntos** | |
| 3.2cRecoñecemento de adquisición de linguas | Por cada B2 nunha lingua europea estranxeira 1 punto<br>Por cada C1 nunha lingua europea estranxeira 1.5 puntos<br>Por cada C2 nunha lingua europea estranxeira2 puntos*<br>*Só computa o título superior en cada lingua |
| **Formación. Máximo 2 puntos** | |
| 3.2.dActividades de formación relacionas coas novas metodoloxías, innovación educativa, novas tecnoloxías, educación inclusiva……. | 0. 15 puntos por cada 10 horas de formación **ata un máximo de 2 puntos** |
| **Motivación nos programas europeos. Máximo 9** | |
| 3.2 e Carta de motivación para participar nas mobilidades. | Ata 9 puntos |
| Dentro deste apartado valoraranse os seguintes aspectos:<br>a) Adecuación dos obxectivos da mobilidade aos obxectivos do Plan de desenvolvemento europeo do centro | Ata 3 puntos |

| | |
|---|---|
| b) Adecuación do tema da actividade formativa ás necesidades reflictidas no Plan de desenvolvemento europeo do centro. | Ata 3 puntos |
| c) Grao de impacto esperado da mobilidade. | Ata 2 puntos |
| d) Grao de fomento da dimensión europea do centro | Ata 1 punto |

4. **Solicitudes, documentación e prazo de presentación**

O profesorado que reúna os requisitos esixidos na presente convocatoria e desexe tomar parte na mesma deberán solicitalo mediante o formulario de solicitude que figura no **Anexo I**

Logo de cumprimentar a solicitude, o profesorado solicitante deberá presentala na secretaría do centro xunto coa documentación preceptiva relacionada no punto 3.2

4.1 **Documentación**.

Xunto co formulario de solicitude, deberá incluírse a seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento que acredite a participación previa en programas europeos establecido no punto 3.2.a desta convocatoria.
b) Certificación do centro que acredite o apartado 3.2.b da convocatoria.

c) Fotocopia do documento que acredite o nivel de competencia lingüística establecido no punto 3.2.c desta convocatoria.
d) Fotocopia de calquera documentación acreditativa dos méritos que se queiran alegar segundo o estipulado no punto 3.2.d desta convocatoria.
e) Carta de motivación segundo o establecido no punto 3.2.e desta

convocatoria.

f) Declaración xurada de estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.2 Prazo de presentación: **Do 22 novembro ao de 22 de decembro de 2021 (1 mes)**

4.3 O *IES Xesús Taboada Chivite* poderá solicitar, en calquera momento do procedemento administrativo, os orixinais dos documentos incorporados á solicitude, coa fin de contrastar a súa validez e concordancia.

## 5. Comisión de selección

A selección das solicitudes presentadas será realizada por una comisión integrada polos seguintes membros:

Un membro do equipo directivo

Un membro do equipo Erasmus+ (non interesado nas mobilidades)

Un membro do Claustro

## 6. Criterios de valoración e adxudicación das axudas

A selección do profesorado candidato realizarase atendendo á maior puntuación obtida polos participantes, de acordo co baremo que recolle o apartado 3.2 desta convocatoria. No caso de dúas ou máis persoas candidatas obteren a mesma puntuación, empregarase o criterio de anos de servizo no centro para desfacer o empate. De seguir o empate seguirase o criterio de anos de servizo no corpo.

## 7. Resolución da convocatoria

**7.1** Logo de avaliar as solicitudes, a comisión de selección publicará na cortiza da sala de profesorado do centro e no blog do Erasmus+ KA1 a relación provisional de candidatos que, por reuniren os requisitos de participación, resulten seleccionados para a mobilidade, e os que resultaren excluídos, con

indicación das causas de exclusión.

7.2. Contra estas resolucións provisionais os interesados poderán, no prazo de cinco días naturais a partir do seguinte ao da súa publicación, presentar reclamación ou emendar o defecto que teña motivado a súa exclusión. No mesmo prazo, poderán tamén presentar renuncia á súa participación no presente procedemento.

7.3. Logo de estudar as reclamacións e renuncias presentadas, e efectuar as rectificacións que procedan, a comisión de selección emitirá un informe no que se concrete a proposta de resolución definitiva. A comisión porase en contacto cos candidatos seleccionados para informalos dos trámites a seguir e da documentación que deben aportar para confirmar a realización da mobilidade.

**8. Renuncias e cambios**

8.1. Poderá admitirse a renuncia a unha adxudicación de mobilidade antes de a ter iniciado sempre que exista outra persoa baremada para esa mobilidade ou en situacións de excepcional gravidade.

8.2. De producirse algunha circunstancia que imposibilitase a realización dunha mobilidade previamente solicitada, as persoas candidatas poderán propor, mediante escrito motivado, un cambio de mobilidade que non altere os contidos, banda orzamentaria e duración da mesma.

**9. Xustificación e percepción da axuda**

9.1. Logo de ter asinado o convenio entre o centro e o profesor participante na mobilidade o centro adiantará a axuda solicitada.

9.2. A cantidade a percibir dependerá da duración da actividade na que vai participar e do país onde se desenvolverá a mobilidade, segundo a táboa de

subvencións aplicables que figura no **Anexo II** desta convocatoria. No caso dos gastos reais nos conceptos de viaxe e taxas de inscrición seren superiores ás cantidades con dereito a percibir por ditos conceptos, aquelas poderían verse incrementadas con fondos procedentes da partida de apoio organizativo ata un máximo de 350 euros por participante en función da dispoñibilidade e sempre en casos excepcionais.

9.3 A concesión da axuda estará suxeita á presentación da seguinte documentación:

Antes da sinatura do convenio:

- · no caso de estadías en institucións para a observación de contextos docentes e profesionais, documento de compromiso de calidade asinado polo participante, a institución de acollida e o centro, xunto co programa de actividades.
- · no caso de curso estruturados, proba da inscrición no curso e programa do mesmo. Antes de comezar a mobilidade:
- · seguro de cancelación dos gastos de desprazamento e aloxamento
- · tarxeta sanitaria europea (TSE) ou, no seu defecto, seguro de accidentes e atención sanitaria no estranxeiro
- · datos de interese da viaxe e o destino (datas e horarios de transporte, aloxamento, embaixada ou consulado, etc.)

Logo de rematar a mobilidade:

· certificado orixinal de asistencia á actividade de formación ou certificado de participación na estadía para observación, segundo o caso, asinado pola institución de acollida, con referencia expresa ao número de convenio asinado.

· factura u outra declaración emitida e asinada polo provedor do evento de formación, de ser o caso; tarxetas de embarque, se for o caso.

· copia da memoria en liña que o profesor remitirá á Axencia Nacional ao finalizar a mobilidade.

- solicitude do Documento de mobilidade Europass.

9.4. O centro poderá solicitar o reembolso da totalidade ou de parte do apoio financeiro a aqueles participantes que non entreguen toda a documentación requirida.

9.5. Con vistas a posibles controles, o participante deberá presentar os orixinais dos documentos xustificativos.

**ANEXO I**

**FORMULARIO DE SOLICITUDE**

**IMPORTANTE: Antes de encher este formulario prégase *ler a convocatoria* de axudas para a mobilidade do persoal docente programa erasmus+ KA101 cursos 2020-2022** *e o Plan de desenvolvemento europeo do centro, que conteñen información útil sobre os obxectivos e as prioridades do programa Erasmus+ e o proxecto do centro.*
*O prazo de entrega de solicitudes é o seguinte:*

***Do 22 de novembro ao 22 de decembro de 2021, ambos inclusive***

## I. CONTEXTO

**PROGRAMA**: ERASMUS+

**ACCIÓN CLAVE**: KA101 Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe

**Tipo de Acción**: Mobillidade de persoal de Educación Escolar

**Convocatoria:** 2020-22.

**Institución de orixe**: IES XESÚS TABOADA CHIVITE

**Título do proxecto**: Abrindo novas metodoloxías: enriquecendo a diversidade.

**Acrónimo do proxecto:** OPENING2DIVERSITY

**Data de inicio do proxecto:** 01-06-20 (adiado a 31-12-2020)

**Data de finalización**: 31/12/2022

**Código do proxecto**: KA101-99378B28

## II. DATOS DO SOLICITANTE

**NOME**:

**APELIDOS**:

**DNI:**

**Data de nacemento:**

| **Cargo:** |
|---|

| **Materia(s) que imparte**: |
|---|

| **Enderezo particular**: |
|---|

| **Código postal:** |
|---|

| **Enderezo electrónico:** |
|---|

| **Teléfono**: |
|---|

## III. EXPERIENCIA DO PARTICIPANTE

| Expoña os detalles sobre a súa experiencia laboral que sexan relevantes para esta solicitude. Se aporta CV, fágao no formato Europass:<br><br>https://europa.eu/europass/es/create-europass-cv |
|---|

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

## IV. DATOS DA INSTITUCIÓN DE ACOLLIDA

**Nome legal completo:**

**Nº PIC:**

**Tipo de organización:**

**Domicilio social:**

**Código postal:**

**Cidade**:

**País**:

**Lugar de celebración (só se é diferente ao domicilio social):**

**Teléfono**:

**Persoa de contacto e posto:**

**Páxina Web:**

**Email:**

**V. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E PLAN DE TRABALLO**

Pode achegar documentación adicional (p. ex. programa, folletos, etc.)

**Título da actividade (curso ou aprendizaxe por observación):**

**Data comezo:**

**Data remate:**

**Area temática:**

**Idioma no que se desenvolve:**

## VI. PREPARACIÓN

1. Como preparará a súa participación na actividade formativa?

2. Indique o seu grao de dominio da lingua de traballo da actividade. Pode empregar o Pasaporte europeo das linguas (Europass) para describir o seu grao de coñecemento da lingua de traballo e achegar unha versión impresa a esta solicitude.

https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=0900001680492ff9

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

**VII. OBXECTIVOS**

1. Explique as razóns que motivaron a solicitude desta mobilidade .
2. Describa as súas necesidades de formación.
3. Explique como a mobilidade se adapta ássúas necesidades de formación.
4. Describa como espera que a formación contribúa a mellorar a maneira na que desempeña o seu actual/futuro traballo.

## VIII. PROGRAMA. PLAN DE ACTIVIDADES

Describa ou achegue a esta solicitude o programa do curso ou o plan de actividades da estadía para observación, segundo proceda.

Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

## IX. IMPACTO

1. Explique o impacto esperado tanto no ámbito persoal como profesional, incluíndo os beneficios en termos dos ámbitos de actuación incluídos non Plan de Desenvolvemento Europeo do Centro.

2. Explique o impacto que a súa participación na mobilidade terá sobre: a) o centro b) o seu alumnado (se procede)

## X. INTERNACIONALIZACIÓN E VALOR ENGADIDO

1. Explique como contribuirá a súa participación na mobilidade a fomentar a dimensión europea na institución á que pertence.

## XI. DIFUSIÓN

Indique o plan de difusión deseñado, indicando como e a quen ten previsto proporcionar información sobre os resultados e as novas capacidades e coñecementos adquiridos durante a actividade de formación.

## XII. CERTIFICACIÓN

A actividade que vai desenvolver dentro da mobilidade solicitada recollerase no Documento de mobilidadeEuropass. Pode atopar toda a información sobre este documento na ligazón:

http://sepie.es/iniciativas/europass/cv.html

## XIII. ORZAMENTO

A axuda contribuirá a sufragar os gastos de viaxe, estadía e custes de matrícula. Para máis información sobre as cantidades de cada concepto, consulte a Táboa de subvencións aplicables no Anexo II desta convocatoria.

Para calcular a distancia dende a institución de orixe ata a institución de destino, empregue a páxina web

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm.

Para calcular a axuda de apoio individual, pódese engadir 2 días de viaxe ao número total de días de duración da actividade. Todas as cifras deben estimarse en euros.

| **CONCEPTO** | **DISTANCIA EN QM. Días de duración** | **Cantidade por día** | **Cantidade TOTAL** |
|---|---|---|---|
| Viaxe | | | |
| Apoio individual | | | |
| Taxas curso ou evento | | | |
| | | TOTAL | |

## XIV. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE

◻ A solicitude presentouse dentro do prazo establecido na convocatoria.

◻ O formulario de solicitude cumprimentouse na súa totalidade e inclúe toda a documentación requirida (certificados de linguas, programa, plan de actividades, CV, segundo proceda.)

◻ O formulario de solicitude leva a sinatura orixinal da persoa solicitante.

◻ A persoa solicitante cumpre os requisitos establecidos na convocatoria.

◻ A actividade formación é compatible cos obxectivos e prioridades do Plan de desenvolvemento europeo do centro.

◻ A actividade ten lugar e está organizada por unha institución establecida nun dos países participantes no programa Erasmus+.

◻ A actividade desenvólvese nun país diferente ao país no que o solicitante traballa ou reside.

◻ A actividade desenvólvese dentro do período temporal establecido na convocatoria.

◻ A actividade é elixible en termos de duración.

## XV. PROTECCIÓN DE DATOS

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Todos os datos personais (nomes, enderexos, CV, etc.) se procesarán de conformidade co reglamento (CE) no 45/2001 sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais polas persoas e os organismos comunitarios e a libre circulación destes datos. Os datos persoais que se solicitan solo serán utilizados para os fíns previstos, é dicir, para o tratamento da súa solicitude de acordo coas especificacións da desta convocatoria interna de solicitude de participación polo IES *Xesús Taboada Chivite*. Á petición do solicitante os seus datos poden ser modificados.

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/epluslink- eforms-privacy_en.htm

## XVI SINATURA

Imprima, asine e entregue o formulario na secretaría do centro. Non esqueza gardar unha copia selada para vostede. Pode resultar necesario máis adiante.

Eu, o abaixo asinante, certifico que toda a información que contén esta solicitude é correcta, ao meu leal saber e entender.

Lugar:

Data: Nome:

Sinatura:

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

ANEXO II

TÁBOA DE SUBVENCIÓNS APLICABLES

RESUMO ECONÓNOMICO POR PAÍSES

**APRENDIZAXE POR OBSERVACIÓN:**

| LUGAR / PAÍS | Nº DÍAS | AXUDA VIAXE | APOIO INDIV. | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Irlanda | 5 | 275 € | 819 € | **1.094 €** |
| G3 | 5 | 275 € | 637 € | **912 €** |
| Portugal | 5 | (ata un mñaximo) 275 € | 728 € | **1.003 €** |
| Dinamarca | 5 | 360 € | 819 € | **1.179 €** |
| G2 | 5 | (ata un mñaximo) 275 € | 728 € | **1.003 €** |
| Finlandia | 5 | 360 € | 819 € | **1.179 €** |
| Total | | **1.820 €** | **4.550 €** | **6.370 €** |

**CURSOS:**

| LUGAR | Nº DÍAS | AXUDA VIAXE | APOIO INDIV. | TASAS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Irlanda | 10 | 275 € | 1.573€ | 700 € | **2.548€** |
| Grecia | 5 | 360 € | 728 € | 350 € | **1.438 €** |
| Grecia | 5 | 360 € | 728 € | 350 € | **1.438 €** |
| Italia | 5 | 275 € | 728 € | 350 € | **1.353 €** |
| Irlanda | 5 | 275€ | 728€ | 350€ | **1.444€** |
| | | | | | **8221 €** |

**POR PAÍSES E QUILOMETRAXE:**

| |
|---|
| APOIO INDIVIDUAL: Días de curso + 2 días de viaxe |
| TASAS DE CURSOS: 70€ / día |
| AXUDA VIAXE: De 100 a 499 km=180€<br>Ata 1999km = 275€; De 2000 a 2999 km = 360€ |
| G1: Noruega, Dinamarca, Luxemburgo, Reino Unido, Islandia, Suecia, Irlanda, Finlandia, Lienchenstein **117€/DIA** |
| G2: Países Baixos, Austria, Bélxica, Francia. Alemania, Italia, Chipre, Grecia, Malta, Portugal **104€/DIA** |
| G3: Eslovenia, Estonia, Letonia, Croacia, Eslovaquia, R. Checa,… **91€/DIA** |

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea